

## C.- SOCIEDADE

A sociedade do Antigo Réxime era profundamente desigual. Era unha **sociedade estamental**, moi immobilista, de orixe medieval. Os *estamentos* eran os grupos sociais diferenciados polo nacemento e pola existencia de leis, normas e función propias de cada grupo. A **nobreza** e o **clero** eran os privilexiados, eran unha mínima parte da poboación e acaparaban dereitos e privilexios. O terceiro estamento, coñecido como **Terceiro Estado** ou **xente do común**, formado por grupos tan diversos como o campesiñado, a burguesía e os grupos populares das cidades, non gozaban de privilexios e debían soportar todas as cargas fiscais do Estado.



12.- Define o concepto de **Estamento**.

*“O Terceiro Estado sostén aos estamentos privilexiados”*

► **OS ESTAMENTOS PRIVILEXIADOS** eran a **nobreza** e o **clero**. Tiñan privilexios: xurídicos (leis e tribunais de xustiza propios); políticos (altos cargos no goberno e no exército); fiscais (exención no pago de impostos); económicos (propiedade das terras)... Eran grupos pechados nos que ninguén podía entrar se non era por herdanza ou favor real.

- Dentro da nobreza había notables diferenzas, por un lado, a **alta nobreza** (duques, marqueses...) acumulaban un gran poder político e un inmenso patrimonio económico, constituído por extensas propiedades de terra; por outro, a **baixa nobreza**, con limitacións no acceso aos cargos públicos e recursos máis reducidos, razón pola que buscaron matrimonios coa burguesía adinerada que, á súa vez, desexaba ennobrecerse.

- Dentro do clero tamén se podían marcar importantes diferenzas entre o **alto clero** (cardeais, bispos, abades...) que procedían de familias nobiliarias, tiñan gran influencia social e política e controlaban un rico patrimonio e o **baixo clero**, (curas, monxes, frades...) que procedía da baixa nobreza ou da xente do común e vivían dun xeito máis humilde.

? **13.-** Cantos e cales eran os **estamentos privilexiados**? Indica as súas características.



*“Familia de Felipe V”, Michel Van Loo, pintor francés do s. XVIII.*



# C.- SOCIEDADE



12.- Define o concepto de **Estamento**.

13.- Cantos e cales eran os **estamentos privilexiados**?  
Indica as súas características.



Luis XVI e a súa corte, séc. XVII

*A nobreza perdeu, en beneficio do rei, parte do seu poder, pero continuaron sendo propietarios da maior parte das terras e gozando de privilexios; vivían na Corte, preto do rei, ocupando postos clave da administración: conselleiros, diplomáticos, xenerais do exército...*



Os membros da **alta nobreza** vivían “noutro mundo”, adicados á vida social, festas, cacerías, partidas de naipes, apostas, representacións teatrais, paseos polos xardíns do Palacio de Versailles... Eran unha nobreza de “sangue”, diferente á nobreza de “toga”, formada polos altos cargos da administración ennobrecidos polo rei! Eran felices sen ver os **cambios** que tiñan lugar ao seu arredor...



► **OS ESTAMENTOS NON PRIVILEXIADOS** ou **TERCEIRO ESTADO** era un grupo moi heteroxéneo, aínda que os seus integrantes coincidían na carencia de dereitos e privilexios e na obriga de pagar impostos.

- Os **campesiños** presentaban situacións diversas aínda que na súa meirande parte era un sector dominado polos privilexiados e totalmente explotado por eles (pervivencia do réxime señorial). Constituía o grupo máis numeroso da poboación.

- A **burguesía** incluía tanto a grandes como a pequenos comerciantes, mestres-artesáns propietarios dos obradoiros, funcionarios e profesións liberais (profesores, médicos, letrados...)... Entre eles destacaba a **alta burguesía**, en claro crecemento económico por atoparse sempre vinculada a actividades económicas como o comercio colonial, a banca ou a manufactura, pero descontentos pola falta de dereitos e privilexios.



*“La era”, Francisco de Goya, 1786.*



? 14.- Que grupos distintos formaban o **estamento non privilexiado**? Indica as súas características.


*Polo xeral os **campesiños** non eran donos das terras que traballan, a súa vida era moi dura e miserable, e debían pagar moitos impostos: ao seu Señor, á Igrexa, e tamén os esixidos polo rei para pagar os gastos derivados das guerras, a vida suntuosa da corte, os salarios dos funcionarios da administración...*



*Os ricos membros da **alta burguesía**, desexosos de participar na política e obter privilexios, comezaron a conseguir títulos de nobreza de maneiras diversas: compra, cesión real por servizos ao Estado ou matrimonio con nobres, como mostra o cadro, titulado “Matrimonio á moda”, de William Hogarth, pintor británico do s.XVIII.*




- Os **grupos populares urbanos** estaban formados por traballadores das cidades de ocupacións moi diversas: pequenos artesáns (oficiais e aprendices dos gremios), obreiros, criados, vendedores das rúas... Sufrían enormemente as malas condicións de vida, especialmente vinculadas aos frecuentes períodos de escaseza de produtos e á inestabilidade ou ausencia dos seus traballos. Tamén había na cidade moitos **marxinados**: pobres, bandidos, enfermos, nenos sen fogar que viven nas rúas...




“Neno mendigo”, Murillo, pintor español do s. XVII.

## A Sociedade Estamental



? 14.- Que grupos distintos formaban o **estamento non privilexiado**? Indica as súas características.




# D.- POLÍTICA

En case todos os países europeos predominaba como forma de goberno no Antigo Réxime a **monarquía absoluta**. O rei concentraba na súa persoa todo o poder e por iso era *soberano* (non había ningún poder superior ao do rei). Xustificábase esta autoridade no suposto de que o rei recibía ese poder directamente de Deus e isto convertíao no seu representante. Dentro do Estado absolutista os individuos eran simplemente **súbditos** que debían obediencia cega ao rei e que carecían de dereitos recoñecidos. As institucións, como o Parlamento (ou Cortes) e os tribunais de xustiza, dependían totalmente das decisións dos monarcas.




Luis XIV.

Os reis contaban con diversos **apoios** para manterse no poder: o exército real; os funcionarios do Estado (*burocracia*) e a Igrexa (con enorme influencia sobre as xentes).






No século XVIII as monarquías europeas víronse na obriga de efectuar algunhas **reformas** que, sen acabar co poder absoluto dos reis, pretendían presentalos como servidores do pobo, realizando algunhas melloras de tipo económico e social, que buscaban a modernización do Estado. Esta forma de goberno coñeceuse co nome de **“despotismo ilustrado”**.



Unha excepción foi a de Gran Bretaña, onde existía unha **monarquía parlamentaria** na que a autoridade do monarca estaba limitada polo Parlamento.



? **15.-** Define os conceptos de **Monarquía absoluta** e **Súbdito**.

**16.-** Con que **apoyos** contaban os reis absolutos para manterse no poder?

**17.-** Que **diferenzas** ou que **semellanzas** poden establecerse entre: *Monarquía absoluta*, *Despotismo ilustrado* e *Monarquía parlamentaria*?

# D.- POLÍTICA



15.- Define os conceptos de **Monarquía absoluta** e **Súbdito**.


16.- Con que **apoios** contaban os reis absolutos para manterse no poder?




*O rei Luis XIV de Francia, coñecido como o “Rei Sol” (1643-1715), foi un claro exemplo de monarca absoluto. Concentraba todos os poderes: ditaba as leis, nomeaba aos maxistrados e ministros, administraba xustiza, comandaba o exército, dirixía a política exterior...*

**Súbdito:** *persoa sometida á autoridade dun superior e coa obriga de obedecelo. No Antigo Réxime aplicábase aos habitantes dos Estados gobernados por un rei...*








## ***Memorias de Luis XIV***

*“Sempre seguín o mesmo camiño: o de procurar estar informado de todo, escoitar as peticións e queixas dos meus ínfimos súbditos. Coñecer o número das miñas tropas e o estado das miñas prazas fortes, tratar directamente cos ministros estranxeiros, facer eu mesmo as respostas ás misivas e dar aos meus secretarios a substancia doutras. Organizar o sistema do meu Estado. Facer que me deran conta de todo os que estaban en cargos importantes. Distribuir as mercedes segundo o meu xuízo; conservar a autoridade tan só en min e manter aos que me servían nunha modestia moi alonxada da elevación dos primeiros ministros”.*



*“Unicamente en min reside o poder absoluto, que ten como esencia aconsellar, a xustiza e a razón. Unicamente a min deben as Cortes a existencia e autoridade que só exercen no meu nome, unicamente en min reside e xamais a poderán usar na miña contra. Unicamente en min radica o poder lexislativo por enteiro e sen dependencia; unicamente pola miña autoridade os oficiais da miña Corte proceden non á formación, senón ao rexistro, publicación e execución da lei...”*

*A orde pública en bloque emana de min e os dereitos e intereses da Nación, que nos atrevemos a considerar como un corpo separado do monarca, quedan necesariamente unidos aos meus propios e unicamente de min dependen.”*

***Discurso de Luis XVI no Parlamento.  
París, 3 de marzo de 1766.***



? 17.- Que **diferenzas** ou que **semellanzas** poden establecerse entre: *Monarquía absoluta*, *Despotismo ilustrado* e *Monarquía parlamentaria*?



A aplicación das ideas ilustradas por parte dalgúns monarcas absolutos deu lugar no s.XVIII ao **Despotismo ilustrado**. O novo sistema político puxo en marcha reformas para mellorar a vida da poboación: estenderon a educación, reformaron as cidades, melloraron o abastecemento de auga e alimentos, renovaron a rede de camiños e portos... En xeral, estas medidas non supuxeron un cambio na estrutura política dos Estados. Na imaxe, Carlos III de España (1759-1788), exemplo de monarca ilustrado.

Os reis ingleses da dinastía Estuardo intentaron establecer o absolutismo, sen éxito, xa que se atoparon coa oposición da burguesía adinerada, o que supuxo varias revolucións ao longo do s.XVII, que remataron co triunfo da **monarquía parlamentaria**. O monarca tiña o poder executivo, pero estaba sometido ao Parlamento, que tiña o poder lexislativo e os xuíces eran independentes. Desta forma impúxose a **separación de poderes**. Na imaxe, o Parlamento inglés, obra do pintor flamenco Peter Tillemans (1710).





*Catalina II de Rusia, impulsou as reformas ilustradas durante o seu reinado, 1762-1796.*

## E.- A ARTE DO FINAL DO ANTIGO RÉXIME: O ROCOCÓ

O **Rococó** é un estilo artístico que xurdiu en Francia no século XVIII. É un estilo aristocrático e refinado que **representa o gusto dos grupos acomodados do momento**, recargado en decoración aínda máis que o Barroco e centrado en temas que reflicten a súa luxosa, ociosa e frívola vida.

### ► **Características xerais:**

- Manifestouse sobre todo na pintura, nas artes decorativas (porcelanas, mobiliario, tapices...) e na moda. A súa presenza na arquitectura e na escultura é menor, posto que o seu ámbito fundamental é a decoración dos interiores.

- Gusto polas cores luminosas, suaves e claras (gris, azul ceo, rosa pálido...)

- Predominio da paisaxe, a mitoloxía, a beleza dos corpos espidos, as festas galantes...

- Reflexa o que é agradable, refinado, exótico e sensual, fuxindo da realidade cotiá.

? **18.-** Fai un cadro ou esquema que recolla as **características** do Rococó.




*Salón de Porcelana, do Palacio Real de Aranjuez.*





## ► Características da pintura:

- Adquire un carácter profano, predomina a elegancia cortesá, os artistas prefiren os temas mitolóxicos e galantes, que mostran a vida festiva e alegre do rei e a súa corte. O obxectivo era fuxir do transcendente e centrarse na beleza sensual e o pracer visual.
- Gran parte da pintura é decorativa. Decóranse paredes e teitos mediante grandes frescos con escenas mitolóxicas, festas campestres, damas, escenas amorosas, danzas...
- Importancia da paisaxe.
- Predominio da cor sobre o debuxo, pinceladas soltas.



*“Festa veneciana”, do pintor francés Jean-Antoine Watteau, 1719.*

*“El columpio”, do pintor francés Jean-Honoré Fragonard, 1767.*



# E.- A ARTE DO FINAL DO ANTIGO RÉXIME: O ROCOCÓ

? 18.- Fai un cadro ou esquema que recolla as **características** do Rococó.



*Salón dos Tapices, do Palacio Real de Madrid.*

*“La toilette”, do pintor francês  
François Boucher, 1742.*




*“A Gran Canle desde San Vio”. O pintor italiano Canaletto mostra vistas idílicas da cidade de Venecia, cara aos anos 1723-1724, .*



# VERSAILLES



*O Palacio de Versailles é moito máis que unha quinta de recreo, é un modo de recordar a calquera que alí se traslade a grandeza e o poder de Luis XIV, o seu creador. Foi construído polo seu pai a 18 Km de París como pavillón de caza, pero necesitaba reformas para converterse na residencia do máis grande rei de Europa. As obras comezaron en 1660 e se prolongaron máis de 50 anos. Luis XIV convocou aos máis famosos arquitectos, artesáns, xardineiros, provedores de mobles, tapiceiros, escultores, bordadores de Europa... e chegou a ser o máis fastuoso edificio do s.XVII. Nun documento de 1684 pódese ler: “durante a pasada semana, cada día traballaron en Versailles vintedous mil homes e seis mil cabalos”. Na actualidade, o palacio conserva máis de 800 hectáreas e 2300 estancias.*



*A Galería dos Espellos é quizais a sala máis famosa do Palacio de Versailles. Mide uns 76 metros de largo e ten 17 espelloos en forma de arco aliñados con 17 xanelas con vistas aos xardíns do palacio. O teito está decorado con pinturas que relatan varias historias dos triunfos de Luis.*

*Nesta época os espellos eran un artigo de luxo e moi poucas personas podían pagalos. A crenza de que se rompes un espello terás sete anos de mala sorte ten a súa orixe nesta sala: se un servinte rompía un espello, reparalo lle costaba sete anos de paga!!.*





*Nos xardíns do Palacio de Versalles está tamén o Gran Canal. É un lago artificial de grandes dimensións que mandou construír o rei. Alí soían navegar galeras de guerra e outras embarcacións para disfrute dos cortesáns, tamén había góndolas venecianas, que servían para que a realeza paseara polo lago.*



*Os xardíns do Palacio de Versalles ofrecen aos visitantes unha magnífica oportunidade para relaxarse. Fóra do Palacio, ao seu lado esquerdo mirando desde a fachada, está “L’Orangerie”. Aquí era onde o rei tiña as súas laranxeiras, el era o único que podía cultivar laranxas en París. Luis tiña laranxeiras “móviles” que podían levarse a invernadoiros cando o clima así o requería, permitindo así que puidese disfrutar de laranxas en calquera época do ano.*







<https://www.youtube.com/watch?v=oglvQxAft18>